

GUIA DE RECURSOS





# Guía de recursos

---

G U Í A D E A C T I V I D A D E E M P R E S A R I A L

---





# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>5</b>
<b>2. CLASIFICACIÓN DAS GUÍAS</b>	<b>7</b>
<b>3. ASPECTOS FORMAIS DA EMPRESA</b>	<b>9</b>
<b>3.1 Formas Xurídicas da empresa</b>	<b>9</b>
<b>3.2 Réximes fiscais preferentes</b>	<b>15</b>
<b>3.3 Trámites necesarios para a posta en marcha dunha empresa</b>	<b>17</b>
<b>4. ASPECTOS LEGAIS DA EMPRESA</b>	<b>23</b>
<b>4.1 Lexislación sobre Riscos Laborais</b>	<b>23</b>
<b>4.2 Lexislación sobre Calidade</b>	<b>25</b>
<b>4.3 Lexislación sobre Medio Ambiente</b>	<b>27</b>
<b>4.4 Lexislación sobre Protección de Datos</b>	<b>33</b>
<b>5. ASPECTOS LABORAIS DA EMPRESA</b>	<b>35</b>
<b>5.1 Modalidades de Contratación</b>	<b>35</b>
<b>5.2 Formación profesional regrada</b>	<b>40</b>
<b>5.3 Formación profesional ocupacional</b>	<b>46</b>
<b>5.4 Formación profesional continua</b>	<b>48</b>
<b>5.5 Cursos BIC-IGAPE</b>	<b>49</b>
<b>6. ASPECTOS A CONSIDERAR NA ANÁLISE DO MERCADO</b>	<b>51</b>
<b>6.1 Métodos de cálculo do tamaño de mercado</b>	<b>51</b>
<b>7. FONTES DE FINANCIAMENTO</b>	<b>57</b>
<b>7.1 Sociedades de Capital Risco</b>	<b>57</b>
<b>7.2 Sociedades de Garantía Recíproca</b>	<b>61</b>
<b>7.3 Business Angels</b>	<b>62</b>
<b>7.4 Axudas e Subvencións Xenéricas para a creación de empresas</b>	<b>64</b>
<b>8. RECURSOS A DISPOSICIÓN DO EMPRENDEDOR</b>	<b>71</b>
<b>8.1 Recursos de proximidade para a creación de empresas</b>	<b>71</b>
<b>8.2 Organismos e Institucións</b>	<b>71</b>
<b>8.3 Páxinas Útiles en Internet</b>	<b>108</b>
<b>8.4 Fontes Xerais</b>	<b>109</b>
<b>8.5 Ferramentas BIC-IGAPE para emprendedores</b>	<b>111</b>
<b>9. GLOSARIO</b>	<b>115</b>
<b>10. BIBLIOGRAFÍA SOBRE CREACIÓN DE EMPRESAS</b>	<b>117</b>







# 1. Introducción

O obxectivo fundamental desta Guía de Recursos é o de intentar dar resposta a todas as dúbidas que normalmente asaltan a un emprendedor á hora de pór en marcha un proxecto empresarial.

Con esta idea de partida, localizouse toda aquela información que é de uso común en todos os sectores, en ámbitos como o da lexislación, formación, procura de información, etc., centralizándoa neste documento de consulta. Ademais, constitúe un documento de apoio para as guías de actividade empresarial, ao complementar a información contida nelas, toda vez que se achegan datos relativos a organismos, institucións e outras entidades coas que o emprendedor deberá contactar para a xestión de todos os trámites necesarios para o inicio da súa actividade.

A guía forma parte da colección de Guías de Actividade Empresarial, editadas por BIC Galicia, e encóntrase dispoñible na páx. web (<http://guias.bicgalicia.es>).

Este documento pretende ser un punto de referencia para o emprendedor a través do que se lle acheguen unha serie de datos para que poida realizar unha primeira análise de viabilidade do seu proxecto, polo cal, sería recomendable a adaptación de ditos datos ás necesidades concretas de cada empresa; para iso cada emprendedor deberá consultar a guía específica que se axuste á súa actividade.

A información contida na guía de recursos non é exhaustiva e pode ser obxecto de actualizacións.







## 2. Clasificación das guías

A clasificación das guías responde ao grao de especificidade coa que se tratan cada unha das áreas.

Os cinco distintos tipos de Guías ou enfoques que se poden atopar nas Guías de Actividade Empresarial son:

**Guía de Actividade:** Guía sobre un modo de facer as cousas para un colectivo específico e unha necesidade concreta. O seu ámbito de competencia adoita transcender o local. Exemplo: Consultora de estudos xeotécnicos.

**Guía de Microactividade:** Guía sobre un modo de facer as cousas para un colectivo específico e unha necesidade concreta. O seu ámbito de competencia adoita ser local. Exemplo: Centro de beleza.

**Guía Sectorial:** Guía que analiza o conxunto de actividades (microactividades ou sectores) que comparten tecnoloxía ou modo de facer, con independencia dos colectivos aos que se dirixen. Exemplo: Artesanía.

**Guía Xenérica:** Guía descritiva de aspectos e elementos funcionais do plano de empresa que comparten todas as actividades (ou microactividades) do sector. A Guía xenérica caracterízase por non estar adscrita a ningunha actividade (ou microactividade) en concreto. Exemplo: Comercio polo miúdo de alimentación.

**Guía Derivada:** Guía que analiza determinados aspectos específicos dunha microactividade, previamente caracterizada nunha Guía Xenérica. Unha Guía Derivada sempre ten unha Guía Xenérica que serve de marco de referencia. Un exemplo sería: Froitería-Posto de verduras.







## 3. Aspectos formais da empresa

### 3.1 Formas xurídicas da empresa

Unha das primeiras decisións que debe adoptar o emprendedor á hora de pór en marcha o seu negocio, unha vez estudado o Plano de empresa e analizada a súa viabilidade, é a forma xurídica a adoptar (autónomo, sociedade civil, limitada, anónima...).

Algúns aspectos fundamentais a ter en conta son:

#### 1. Tipo de actividade a exercer:

A actividade que vaia desenvolver a empresa pode condicionar a elección da forma xurídica naqueles casos nos que a normativa aplicable estableza unha forma concreta. Así, as sociedades de crédito hipotecario deben adoptar a forma de sociedade anónima.

#### 2. Número de emprendedores:

O número de persoas que interveñan na actividade pode condicionar a elección. Así, cando sexan varios emprendedores, o aconsellable será constituír sociedade.

#### 3. Responsabilidade dos emprendedores:

Este é un aspecto importante. A responsabilidade pode estar limitada ao capital achegado (sociedades anónimas, limitadas...) ou ser ilimitada, afectando tanto ao patrimonio empresarial como ao persoal (autónomo, sociedade civil e comunidade de bens).

#### 4. Necesidades económicas do proxecto:

En principio, as sociedades civís teñen un menor custo de constitución, ao non ser necesaria a súa inscrición no Rexistro Mercantil e non precisar de escritura pública. Ademais, non se esixe capital inicial mínimo. Pola súa parte, a Sociedade Limitada, a Anónima, as Sociedades Laborais e as Cooperativas de Traballo esixen escritura notarial e un capital mínimo para iniciar a actividade.



## 5. Aspectos fiscais:

A diferenza fundamental entre unhas sociedades e outras atópase na tributación a través do IRPF no caso de autónomos, sociedades civís e comunidades de bens, ou ben a través do Imposto de Sociedades no caso das sociedades limitadas, anónimas, laborais e cooperativas. No IRPF aplícase un tipo impositivo progresivo que vai elevándose segundo van incrementándose os beneficios, mentres que no Imposto de Sociedades aplícase un tipo fixo que será do 30 ou 35% segundo os beneficios obtidos.

A continuación móstrase un cadro comparativo coas principais formas xurídicas e algúns dos datos a ter en conta ao facer a elección.

Se desexas ampliar información sobre as formas xurídicas, as súas vantaxes, inconvenientes, responsabilidade dos socios, etc. podes consultar as MEMOFichas editadas por BIC Galicia e dispoñibles na web ([www.bicgalicia.es](http://www.bicgalicia.es))

	NATURALEZA	CAPACIDADE XURÍDICA	DENOMINACIÓN	Nº DE SOCIOS	RESP. FRONTE A TERCEIROS	FORMALIDADES CONSTIT.	CAPITAL MÍNIMO	REPRESENT. DO CAPITAL	DESEM-BOLSO EN ORIGE DO CAPITAL	ÓRGANOS REL-TORES	INCENTIVOS	RÉXIME DE AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL
<b>EMPRESARIO INDIVIDUAL</b>	Actividade exercida individualmente	A nome do titular e baixo a responsabilidade individual	Libre e será Nome Comercial	O titular	Ilimitada	Ningunha	O necesario para os primeiros gastos			O titular		Réxime de Autónomos
<b>SOCIEDADE ANÓNIMA</b>	Mercantil	Propia	Distinta á doutra sociedade, con "S.A."	Mínimo: 1	Limitada	<b>Escritura pública</b> - Estatutos - Inscripción no Rexistro Mercantil	60.101,21 euros	Accións	Subscrito totalmente e desembolsado nun 25%	<b>Xunta Xeral</b> - Administrador/es ou Consello de Administración		Réxime xeral ou réxime de autónomos (ver ficha B.06.01.c)
<b>SOCIEDADE LIMITADA E SOCIEDADE LIMITADA NOVA EMPRESA (S.L.N.E.)</b>	Mercantil	Propia	Distinta á doutra sociedade, con "S.L."  S.L.N.E.: os dous apelidos e o nome dun dos socios fundadores, seguido dun código alfanumérico, e ademais deberá figurar necesariamente a indicación "Sociedade Limitada Nova Empresa" ou a súa abreviatura "S.L.N.E."		Limitada	<b>Escritura pública</b> - Estatutos - Inscripción no Rexistro Mercantil - Para a S.L.N.E. ver a forma de constituirse na Ficha A.01.03.	3.005,06 euros  S.L.N.E.: Non inferior a 3.012 euros nin superior a 120.202 euros	Participacións	Desde a orixe totalmente desembolsado	<b>Xunta Xeral</b> - Administrador/es (Consello de Administración en rara ocasión) en a S.L.N.E NUNCA Consello de Administración	S.L.N.E.: Incentivos: - Fiscais	Réxime xeral ou réxime de autónomos (ver ficha B.06.01.c)
<b>SOCIEDADE COLECTIVA</b>	Mercantil	Propia	Debe aparecer o nome de todos ou algún dos socios ( neste caso é "CIA") e "S. Co."	Mínimo: 1	Ilimitada	<b>Escritura pública</b> - Estatutos - Inscripción no Rexistro Mercantil				<b>Administradores:</b> - Un socio, varios ou todos en conxunto		Réxime de autónomos



<b>SOCIEDADE COMANDITARIA</b>	Mercantil	Propia	Debe aparecer o nome de todos ou dalgúns dos socios colectivos (neste caso e "CIA"), e "S. Com."	Mínimo: 2 Clases: * Colectivos: achegan traballo * Comanditarios: achegan diñeiro	Socios Colectivos: ilimitada Socios Comanditarios: Limitada	<b>Escritura pública</b> - Estatutos - Inscripción no Rexistro Mercantil	O necesario para os primeiros gastos			<b>Administradores:</b> - Os Socios Colectivos		Os socios colectivos: Autónomos (ver ficha B.06.01.c).
<b>SOCIEDADE ANÓNIMA LABORAL</b>	Específica laboral	Propia	Distinta á doutra sociedade, con "S.A.L."	Mínimo: 3 Clases * Capitalistas * Traballadores	Limitada	<b>Escritura</b> - Solicitude de cualificación como S.A.L. - Inscripción no Rexistro de S.A.L. - Inscripción no Rexistro Mercantil	60.101,21 euros	Accións	Totalmente suscrito e desembolsado nun 25%	<b>Xunta Xeral</b> - Administrador/es ou Consello de Administración	<b>Incentivos:</b> - Fiscaís - Laborais	Os socios traballadores: Autónomos (ver ficha B.06.01.c)
<b>SOCIEDADE RESPONSABILIDADE LIMITADA LABORAL</b>	Específica laboral	Propia	Distinta á doutra sociedade, con "S.L.L."	Mínimo: 3 Clases: * Capitalistas * Traballadores	Limitada	<b>Escritura</b> - Solicitude de cualificación como S.L. - Inscripción no Rexistro de S.L. - Inscripción no Rexistro Mercantil	3.005,06 euros	Participacións sociais	Totalmente suscrito e desembolsado	<b>Xunta Xeral</b> - Administrador/es ou Consello de Administración	<b>Incentivos:</b> - Fiscaís - Laborais	Os socios traballadores: Autónomos (ver ficha 5 B.06.01.c)
<b>SOCIEDADE COOPERATIVA</b>	Específica, en casos mercantil	Propia	Distinta á doutra sociedade cooperativa con "S. Coop"	<b>Cooperativa de 1º grao:</b> Mínimo 4, excepto nas Cooperativas de Traballo Asociado e Explotación Comunitaria da Terra, que o mínimo é 3 socios. <b>Cooperativas de 2º ou superior grao:</b> Mínimo 2 cooperativas	Limitada	<b>Escritura pública</b> - Estatutos - Inscripción no Rexistro de Sociedades Cooperativas	O que fixen os socios nos Estatutos (Mínimo 3005,06 euros)	Títulos Nominativos	Totalmente desembolsado	<b>Asamblea Xeral</b> - Consello Reitor	<b>Incentivos:</b> - Fiscaís - Laborais	Os socios traballadores: Autónomos
<b>SOCIEDADE CIVIL</b>	Civil	Non ten personalidade xurídica propia	Libre con "S.C."	Mínimo: 2 Clases: * Socios Industriais * Socios capitalistas	Limitada	Ningunha (Se hai bens inmoebles ou dereitos reais: Escritura pública)	O necesario para os primeiros gastos	Cadernos de Participación		<b>Administradores:</b> Todos os Socios		Réxime de Autónomos
<b>COMUNIDADE DE BENS</b>	Civil	Non ten personalidade xurídica propia	Libre con "C.B."	Mínimo: 2 * Socios Industriais	Responsabilidade mancomunada e subsidiaria	Ningunha (Se hai bens inmoebles ou dereitos reais: Escritura pública)	O necesario para os primeiros gastos			<b>Administradores:</b> Todos os comuneiros		Réxime de Autónomos



## VANTAXES E DESVANTAXES DAS FORMAS XURÍDICAS

Podes ampliar a información relativa ás formas xurídicas nas MEMOFichas dispoñibles na web [www.bicgalicia.es](http://www.bicgalicia.es), editadas por Bic Galicia.

AUTÓNOMO OU INDIVIDUAL	
<b>Requisitos</b>	Ser maior de idade e ter libre disposición de bens
<b>Vantaxes</b>	Non está sometido a moitos trámites en constitución
	Non é obrigatorio inscribirse en Rexistro Mercantil
	Non esixe capital mínimo inicial
	Xestiona persoalmente a empresa
	Paga fiscalmente segundo as súas ganancias
<b>Desvantaxes</b>	Recae sobre o autónomo todo o risco que ten o negocio
	Responde co patrimonio do negocio e o propio. Se non ten separación de bens esténdese ao cónxuxe
COMUNIDADE DE BENS E SOCIEDADE CIVIL	
<b>Requisitos</b>	Ser maiores de idade e ter libre disposición de bens
<b>Vantaxes</b>	Non se constitúen en escritura pública nin se obrigan a inscribir no Rexistro Mercantil
	Non teñen demasiados trámites para constitución
	Non esixe capital mínimo
	Pagan segundo ganancias
	Non recae nunha soa persoa o risco de crear empresa
<b>Desvantaxes</b>	Responden co patrimonio do negocio e co propio
	Carecen de personalidade xurídica (a sociedade non é titular de dereitos e obrigacións)
	Pagan o I.R.P.F. cada un dos socios ou comuneiros
SOCIEDADE ANÓNIMA	
<b>Requisitos</b>	Escritura Pública de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil
<b>Vantaxes</b>	A responsabilidade dos socios está limitada ás contribucións
	Pódense transmitir as accións mediante a súa venda
<b>Desvantaxes</b>	Esixe capital mínimo para constituírse
	Require unha forma máis complexa de organización e unha Xunta de accionistas ao ano como mínimo
	Obrigación a depositar contas anuais no Rexistro Mercantil



SOCIEDADE LIMITADA	
<b>Requisitos</b>	Escritura Pública de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil
<b>Vantaxes</b>	Non esixe elevada cantidade de capital para constituírse
	A responsabilidade dos socios está limitada ás contribucións
	Hai menos rigor formal que nas sociedades anónimas
<b>Desvantaxes</b>	Pódense transmitir libremente as participacións, mais co consentimento dos demais partícipes.
	Unha Xunta de accionistas ao ano como mínimo
	Obrigación a depositar contas anuais no Rexistro Mercantil
SOCIEDADE LIMITADA NOVA EMPRESA	
<b>Requisitos</b>	Escritura Pública de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil
<b>Vantaxes</b>	Non esixe elevada cantidade de capital para constituírse
	A responsabilidade dos socios está limitada ás contribucións
	Hai menos rigor formal que nas sociedades anónimas
	A rapidez coa que se constitúen este tipo de sociedades
	A contabilidade poderá levarse de forma que, a través dun único rexistro, se permita o cumprimento das obrigacións que o ordenamento xurídico impón en materia de información contable e fiscal
	Contan con incentivos fiscais en forma de impostos aprazados ou diferidos nos primeiros anos
<b>Desvantaxes</b>	Pódense transmitir libremente as participacións, pero co consentimento dos demais partícipes.
	Unha Xunta de accionistas ao ano como mínimo
	Obrigación a depositar contas anuais no Rexistro Mercantil
SOCIEDADE LABORAL	
<b>Requisitos</b>	Escritura Pública de Constitución, inscrición en Rexistro Mercantil e Rexistro de Sociedades Laborais.
	O Instituto Nacional da Economía Social regula estas sociedades e as competencias se transmitiron ás Comunidades Autónomas
<b>Vantaxes</b>	Limita a responsabilidade ao capital achegado
	É obrigatorio destinar anualmente unha porcentaxe dos beneficios ao Fondo de Reserva para garantir o futuro
	Hai bonificacións fiscais na constitución
	Axudas económicas na contratación de persoal



<b>Desvantaxes</b>	Limitáanse as contratacións de traballadores indefinidos non-socios
	Non se poden transmitir as accións libremente
	Unha Xunta de accionistas ao ano como mínimo
	Obrigación a depositar contas anuais no Rexistro Mercantil
<b>SOCIEDADES COOPERATIVAS</b>	
<b>Requisitos</b>	Escritura Pública de constitución e inscrición no Rexistro de Cooperativas
<b>Vantaxes</b>	Non necesitan capital mínimo
	Os socios danse de alta ou baixa voluntariamente
	Todos participan cos mesmos dereitos
	O seu obxectivo é o ben común de todos e non o beneficio económico
	Teñen bonificacións sociais
<b>Desvantaxes</b>	Necesítase un mínimo de persoas para constituírse
	Unha asemblea ao ano como mínimo
	Obrigación a depositar contas anuais



## 3.2 Réximes fiscais preferentes

O réxime fiscal para a declaración de resultados depende, en primeiro lugar, da condición xurídica adoptada pola empresa. Nas MEMOFichas encontrarás información específica e detallada dos distintos tipos de imposto.

As empresas con forma de Sociedade declaran os seus resultados nun imposto específico: o Imposto sobre Sociedades (IS). Trátase dun tributo directo, persoal e proporcional sobre a renda obtida polas Sociedades e demais entidades xurídicas cualificadas como suxeitos pasivos polas leis no exercicio das súas actividades.

Os empresarios individuais declaran os resultados do negocio a través do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). É un tributo de carácter persoal e directo que grava, segundo os principios de igualdade, xeneralidade e progresividade, a renda das persoas físicas de acordo coas súas circunstancias persoais e familiares.

Neste segundo caso, o cálculo do resultado empresarial pódese realizar de tres maneiras:

- **Estimación Directa Simplificada:** É o réxime máis xeral, e inclúe todo tipo de actividades que cumpran os seguintes requisitos:

A cifra de negocios do conxunto de actividades no ano anterior non supere 601.012,10 euros anuais. Cando no ano inmediato anterior se iniciase a actividade, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano, a estes únicos efectos. Cando no ano inmediato anterior non se exercea actividade algunha, determinarase o rendemento por esta modalidade, a non ser que se renuncie á mesma.

Que se renuncie ao réxime de estimación obxectiva ou se produza exclusión do mesmo. (A renuncia á modalidade simplificada do réxime de estimación directa efectuarase no mes de decembro anterior ao inicio do ano no que deba surtir efecto, e terá efectos para un período mínimo de 3 anos.)

- **Estimación Directa Normal:** É o réxime polo que se queda incluído por exclusión ou renuncia ao de Estimación Directa Simplificada.
- **Estimación Obxectiva por Módulos:** A Estimación Obxectiva aplicarase a cada actividade illadamente considerada que se contemple na Orde Ministerial que as regule (só ás actividades que se mencionen na Orde Ministerial). O rendemento neto polo que tributará se está acollido a esta estimación, obtense mediante a imputación a cada actividade dos signos, índices ou módulos fixados polo Ministerio de Economía e Facenda. Dependendo da actividade que decidas realizar deberás facer unha consulta á Axencia Tributaria para saber se podes acollerte ao réxime de Estimación Obxectiva. No caso afirmativo, poderás tributar en función dos módulos que che correspondan.

As empresas que estean no Réxime de Estimación Obxectiva poderán acollerse ao diferimento en 10 anos por reinvestimento, previstos no Imposto sobre Sociedades.



A Estimación Obxectiva é totalmente incompatible coa Estimación Directa, excepto no ano de inicio dunha actividade, xa que si se permite que se o ano de inicio dunha actividade se renuncia por esta actividade a módulos, continúen o resto de actividades en módulos durante ese ano.

A renuncia ao réxime de Estimación Obxectiva suporá a inclusión de todas as actividades no réxime de Estimación Directa Simplificada.

Será causa de exclusión deste réxime o ter rebordado os límites que se establezan na Orde Ministerial que desenvolva o mesmo.

A renuncia ao réxime de Estimación Obxectiva efectuarase no mes de decembro anterior do ano no que deba surtir efecto, e terá efectos para un período mínimo de 3 anos.

Estarase excluído da Estimación Obxectiva:

- En actividades agrícolas e gandeiras, por rebordar o límite marcado de facturación de 300.506,05 euros, incluídas as actividades forestais ou traballos accesorios, que non superen aos ingresos típicos (se a actividade accesoria supón máis do 20 por 100 dos ingresos totais, corresponde a súa alta no Imposto sobre Actividades Económicas).
- Nas restantes actividades, por exceder o persoal asalariado dos límites marcados (segundo cada actividade) e, en xeral, por superar o conxunto de actividades o límite de 450.759,08 euros anuais.
- Realizar outras actividades non incluídas en Estimación Obxectiva.
- Exclusión do Réxime Especial Simplificado do Imposto sobre o Valor Engadido.
- Renuncia ao Réxime de Estimación Obxectiva.



### 3.3 Trámites para a posta en marcha dunha empresa

Para a creación dunha empresa é preciso realizar unha serie de trámites. A continuación móstranse os máis importantes así como o seu custo aproximado co fin de que poidas realizar unha previsión do custo que suporán os gastos de constitución.

Debe sinalarse que os trámites de constitución son distintos segundo a forma xurídica que adoptes. Neste apartado indícanse os trámites necesarios para cada unha delas.

Podes ampliar a información relativa aos trámites de posta en marcha nas MEMOFichas dispoñibles na web [www.bicgalicia.es](http://www.bicgalicia.es), editadas por Bic Galicia.

#### Trámites de constitución

Nos seguintes cadros indícanse os trámites necesarios segundo a forma xurídica adoptada:

<b>AUTÓNOMO OU INDIVIDUAL</b>
Non ten ningún trámite para a súa constitución. Só os trámites para a posta en marcha
<b>COMUNIDADE DE BENS E SOCIEDADE CIVIL</b>
Obtención do N.I.F. presentando D.N.I das persoas físicas na Axencia Tributaria.
Liquidación do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. Págase o 1% do capital achegado, en documento 600, en 30 días hábiles desde o contrato privado de constitución
<b>SOCIEDADE ANÓNIMA E SOCIEDADE LIMITADA</b>
Certificación negativa do nome elixido no Rexistro Mercantil Central en impreso con elección de ata tres nomes. Hai que presentarllo ao Notario.
Escritura de Constitución e de Estatutos firmada por todos os socios ante notario. Hai que presentar certificado bancario de ter aboado o capital.
Liquidación do I T P e A J D igual que na Comunidade de Bens e Sociedade Civil
Inscripción no Rexistro Mercantil coa certificación negativa, xustificante do pago do I T P e A J e 1ª copia da escritura. Hai un prazo de dous meses desde a Escritura



## SOCIEDADE LABORAL

Certificación negativa do nome igual que en Sociedades Anónimas e Limitadas.

Escritura de Constitución e de Estatutos presentada no Rexistro Central, Provincial ou Local, segundo ámbito da actividade, de Cooperativas e S.A.L.

Liquidación do I T P e A J D igual que nos casos anteriores

Inscripción no Rexistro Mercantil igual que nos casos anteriores

Inscripción no Rexistro de Sociedades Anónimas Laborais

## SOCIEDADES COOPERATIVAS

Certificación negativa do nome solicitada no Rexistro Central de Cooperativas

Solicitude de Cualificación da Cooperativa no Rexistro de Cooperativas

Escritura de constitución e estatutos firmada por todos os socios ante notario

Liquidación do I T P e A J D igual que nos casos anteriores

Inscripción no Rexistro de Cooperativas



18

### Trámites da posta en marcha

Para o inicio da actividade son necesarios os seguintes trámites ademais dos de constitución:

#### **Autónomo ou individual e Comunidade de Bens e Sociedade Civil**

- Solicitude da tarxeta do CIF ( non en autónomos) en modelo 036 ou similar.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas, modelo 845 ou similar.
- Declaración Censal no modelo 036 ou similar.
- Alta no Réxime especial de autónomos da Seguridade Social e doutros traballadores se os houber.
- Comunicación da Apertura do Centro de Traballo.
- Adquisición e selado do Libro de Visitas.

- Solicitud de licenza de apertura, no seu caso, ao Concello.
- En estimación directa normal, libro diario, de Inventario e Contas anuais legalizado en Rexistro Mercantil. Rexistro de Compras, Ventas, Gastos, Caixa e Ventas.
- En estimación directa simplificada, libro rexistro de vendas e ingresos, de compras e gastos, de bens de investimento, de provisións de fondos e suplidos.
- En módulos, obrigación de conservar as facturas emitidas e recibidas, e os xustificantes dos módulos aplicados. Libro rexistro de bens de investimento se se aplican amortizacións.

### Sociedade Anónima e Sociedade Limitada

- Solicitud da tarxeta do CIF en modelo 036 ou similar.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas, modelo 845 ou similar.
- Declaración Censal en modelo 036 ou similar.
- Adquisición e selado dos libros de contabilidade e da sociedade.
- Alta da empresa no Réxime especial de autónomos ou no réxime xeral da Seguridade Social e alta traballadores.
- Comunicación da Apertura do Centro de Traballo.
- Adquisición e selado do Libro de Visitas.
- Solicitud de licenza de apertura, no seu caso, ao Concello.



### Sociedade Laboral

- Todos os trámites das Sociedades Anónimas e Limitadas e ademais.
- Solicitud das bonificacións fiscais.

### Sociedades Cooperativas

- Todos os trámites das Sociedades Anónimas e Limitadas e ademais.
- Inscrición no censo nacional de entidades xurídicas.

E outros trámites que poden ser necesarios ou convenientes en cada caso

- Solicitud de **licenza de obras** se procede.
- Solicitud de **cambio de titularidade ou actividade**.

- Inscripción en **Rexistro da Propiedade** se se adquire un local.
- Inscripción no **Rexistro da Propiedade Industrial de Patentes, marcas, rótulos**.
- **Certificación negativa do nome**: Consiste en acreditar a inexistencia doutra sociedade con denominación igual ou idéntica. O certificado obtense na Sección de Denominaciones del Registro Mercantil Central, en Madrid.

Existe a posibilidade de realizar a solicitude por correo electrónico cubrindo o formulario existente na web do Registro Mercantil Central ([www.rmc.es](http://www.rmc.es))

O custo deste trámite varía entre 14 e 20 euros segundo a forma de recolla do mesmo (correo certificado, mensaxeiro, etc.)

A certificación negativa do nome teñen un prazo de validez de dous meses polo que neste período de tempo deberás constituír a empresa no notario. No caso contrario será preciso a renovación da mesma.

- **Escritura Notarial**: consiste na sinatura de escritura por parte dos socios perante un notario. É necesaria para a constitución dunha Sociedade Mercantil.

O custo da escritura notarial depende da contía do capital social, del número de socios, número de copias solicitadas, etc. Como referencia, o custo da escritura de constitución dunha SL cun Capital Social de 6000 euros ascendería aproximadamente a 250 euros.

- **Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados**: Sempre que se constituía, aumente ou diminúa o Capital Social ou se disolva unha sociedade deberá autoliquidarse o Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. A base imponible coincidirá con importe nominal do capital social. A cota tributaria será do 1% do capital e aboarase mediante o modelo 600, en 30 días hábiles desde o contrato privado de constitución.

- **Inscripción no Rexistro Mercantil**: Para a inscrición no Rexistro Mercantil requírese aboar unha provisión de 96,16 euros.

- **IAE (Imposto de Actividades Económicas)**: a solicitude de alta no IAE é un trámite de posta en marcha que tamén debes coñecer, toda vez que contén algunhas peculiaridades que se detallan a continuación.

É un imposto directo que grava o mero exercicio de actividades empresariais, profesionais e artísticas no territorio nacional. Están exentos do pagamento deste imposto as persoas ou entidades cunha cifra de negocio anual que non supere 1.000.000 de euros, polo que a maioría das pemes ficarán exentas deste pagamento.

No caso de cifras de facturación superiores, o importe deste imposto calcularase mediante a aplicación duns coeficientes que dependerán do volume de negocio e que se indican na táboa seguinte, xunto cun coeficiente de situación.



Importe Neto da Cifra de Negocio (euros)	Coficiente
Desde 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Desde 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Desde 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Desde 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Ao inicio da actividade deberás darte de alta no epígrafe que che corresponda. Este trámite farase na Deputación ou Administración da Axencia Estatal Tributaria ou no concello, no caso de que este teña transferida a xestión do imposto.







## 4. Aspectos legais da empresa

Con carácter xeral o emprendedor debe ter en conta unha serie de normas específicas de obrigado cumprimento en materia de riscos laborais, calidade, medio ambiente e protección de datos. Nas MEMOFichas, editadas por Bic Galicia e dispoñibles na web [www.bicgalicia.es](http://www.bicgalicia.es), tamén encontrarás información sobre prevención de riscos laborais. A continuación dáse un marco de referencia sobre a lexislación aplicable nestes ámbitos.

### 4.1 Lexislación sobre riscos laborais

A lexislación de Prevención de Riscos Laborais (P.R.L.) intenta basicamente dar certa coherencia e orde, apoiándose no mandato constitucional (Art. 40.2 C.E) que di que todo traballador ten dereito a unha garantía da súa saúde no posto de traballo.

Partindo desta referencia e como antecedente deste desenvolvemento normativo temos os convenios e recomendacións da O.I.T (Organización Internacional do Traballo), así como as directivas da U.E (de obrigado cumprimento). A lexislación laboral é un dos temas nos que as CC.AA non teñen competencia, é dicir, son prerrogativa do estado. O que si existe é capacidade nas actuacións de inspección, control e sanción administrativa.

Os principios da política preventiva, desenvolvida a partir da L.P.R.L, son as que seguen:

- Carácter autónomo do dereito prevencionista, esta autonomía repercute na incorporación progresiva de temáticas de ordenación industrial, medio ambiente e xestión de empresas.
- Incorporación continua de novos temas ao dereito prevencionista, así se lle engaden áreas de medicina laboral, lexislación industrial, medio ambiente, protección civil, salvamento, socorrismo, transporte de mercadorías perigosas.
- Principio de corresponsabilidade dos axentes sociais, responde a unha formulación de xestión en común. Isto implica a traballadores e empresarios como elementos básicos mais inclúe como corresponsables os técnicos de prevención, os poderes públicos, a administración cun papel de axente dinamizador.



Outra novidade é a planificación preventiva que é o núcleo en materia de prevención, toda vez que consiste en ordenar as medidas preventivas segundo a súa urxencia e decidir:

1. Quen a debe facer
2. Con que medios
3. Cando (prazos)
4. Responsabilidade do control

Todas as empresas están obrigadas a cumprir a lexislación existente en materia de Prevención de Riscos Laborais. A continuación aparece a Lei de Prevención de Riscos Laborais e algunhas normas posteriores que a desenvolven, aínda que o emprendedor terá que comprobar se existe algunha normativa especial aplicable á súa actividade.

- Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, do 8 de novembro.
- RD 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención de Riscos Laborais.
- Lei 54/2003 do 12 de decembro de reforma do Marco normativo da Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- RD 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.
- RD 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- RD 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores no traballo dos EPI.
- RD 1316/1989 do 27 de outubro, sobre a protección dos riscos derivados da exposición ao ruído durante o traballo.
- RD 1/1995, do 24 de marzo, texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores.



Así mesmo, en función do número de traballadores, a lei pódelle obrigar a contratar un servizo de Prevención de Riscos Laborais.

Comproba toda a normativa existente a nivel comunitario, estatal e autonómico, para regular de forma específica a elaboración de alimentos tradicionais.

## 4.2 Lexislación sobre calidade

Calidade total ou calidade na xestión: supón a aplicación dun sistema efectivo constituído por un conxunto de procesos estandarizados no que participa todo o persoal dunha compañía, co obxecto de obter a satisfacción do cliente, así como unha adecuada rendibilidade da empresa, que garante a súa continuidade no mercado.

A calidade total ou calidade na xestión engloba por tanto todas as actividades da empresa dunha forma non limitativa; fai referencia a un marco máis amplo orientado a satisfacer todas as partes dunha empresa, como aforro en custos, fonte de vantaxe competitiva, produtos tecnicamente superiores, mellora na organización, etc.

### As Normas ISO

As normas internacionais ISO 9000, son un conxunto de normas que constitúen un modelo para o aseguramento da Calidade no deseño, o desenvolvemento, a produción, a instalación e o servizo posvenda. Esta norma, que foi mundialmente aceptada, permite desenvolver e implantar un sistema de xestión da calidade nunha empresa de calquera sector e independentemente da súa actividade e dimensión.

### Normas ISO 9000

Existen tres modelos normalizados de aseguramento da calidade. Os requisitos de cada un destes modelos atópanse recollidos nos seguintes modelos:

- ISO 9001 Sistemas da Calidade. Modelo para o aseguramento da Calidade no deseño, o desenvolvemento, a produción, a instalación e o servizo posvenda.
- ISO 9002 Sistemas da Calidade. Modelo para o aseguramento da Calidade na produción, a instalación e o servizo posvenda.
- ISO 9003 Sistemas da calidade. Modelo para o aseguramento da Calidade na inspección e nos ensaios finais.

Normas UNE:

- Norma UNE: É unha especificación técnica de aplicación repetitiva ou continuada cuxa observancia non é obrigatoria, establecida con participación de todas as partes interesadas.



- UNE Experimental: norma que se establece para a súa aplicación provisional en campos técnicos onde o grao de innovación é elevado ou existe unha urxente necesidade de orientación, en relación ao tema que trata.
- UNE Instrución: documento elaborado con anterioridade a 1989, que dá recomendacións sobre a execución dun traballo específico nunha área determinada.
- UNE Informe: documento técnico elaborado para informar sobre os progreso técnicos dun tema indeterminado, dar recomendacións sobre a execución dun traballo específico, facilitar información e datos distintos aos que xeralmente están contidos nunha norma UNE.
- UNE Modificación: documento técnico que modifica o contido dun documento normativo UNE xa editado.
- UNE Erratum: fe de erratas dun documento normativo UNE.
- UNE-EN, UNE-ENV, UNE-HD: norma UNE que adopta un documento europeo mantendo o mesmo número de serie que o documento EN, ENV ou HD.
- UNE-EN ISO: norma UNE que adopta unha norma europea idéntica a unha norma ISO mantendo o mesmo número de serie que a norma ISO.
- EN ou HD: norma europea adoptada como norma nacional (ratificada) nas súas versións orixinais: inglesa, francesa ou alemana.



## 4.3 Lexislación medioambiental

A grande maioría das empresas recoñecen hoxe en día que teñen que ter unha preocupación eficaz polo ambiente. Unhas veces por convencemento propio e outras pola presión da opinión pública ou da lexislación, as actividades industriais e empresariais véñense obrigadas a incorporaren tecnoloxías limpas e a pór medios para evitar o deterioro do ambiente.

Nos últimos anos aumentou o número de empresas que se poñen obxectivos ou teñen programas en cuestións de medio ambiente. A finalidade, en bastantes casos, non é só cumprir coa lexislación ambiental senón colaborar na mellora da situación.

### Sistema de xestión medioambiental (SGMA)

Coñécese con este nome o sistema de xestión que segue unha empresa para conseguir uns obxectivos medioambientais. A empresa que implanta un SGMA comprométese a fixarse obxectivos que melloran o medio ambiente, a pór en marcha procedementos para conseguir eses obxectivos e a controlar que o plano está sendo cumprido.

Os principais obxectivos dun sistema deste tipo son:

Garantir o cumprimento da lexislación medioambiental: Os problemas ambientais traspasan as fronteiras e esixen unha eficaz cooperación internacional para a súa resolución. Por outra parte moitos espazos naturais, aínda que estean situados en países concretos, foron declarados patrimonio da Humanidade. Todo isto motivou que no campo ambiental haxa desde declaracións e convenios internacionais ata lexislación estatal e municipal.



### Declaracións Internacionais Xerais

Hai moitas Declaracións Internacionais cuxa finalidade é formular os principios xerais que deben inspirar a actuacións dos Estados e da sociedade para lograr unha mellor protección do ambiente. Destacamos tres delas polo seu especial interese histórico:

- **Declaración de Estocolmo das NNUU sobre o Medio Ambiente Humano.** É de 1972 e insiste no dereito do home a vivir nun medio de calidade e na súa “solemne obrigação de protexer e mellorar o medio para as xeracións presentes e futuras”. Tamén resalta a importancia da educación en asuntos ambientais.

- **Carta Mundial da Natureza** aprobada en sesión plenaria das NNUU en 1982. Fai especial fincapé na preservación do patrimonio xenético: asegurar un nivel suficiente en todas as poboacións de seres vivos en todo o mundo, concedendo especial protección aos máis singulares ou aos que se encontran en perigo. Por outra parte insiste na necesidade de non desperdiciar os recursos naturais e de ter en conta a capacidade a longo prazo dos sistemas naturais para sustentar as poboacións.
- **Declaración de Río sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento**, aprobada pola Conferencia das NNUU reunida en Río de Janeiro en 1992. Nesta conferencia consolídase e proclámase a nivel internacional a idea de “desenvolvemento sostible” e aprobáronse catro documentos:
  - Declaración de Río sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento
  - Convención marco das NNUU sobre o Cambio Climático
  - Convenio sobre a Diversidade Biolóxica
  - Axenda 21

## Convenios Internacionais

Os convenios internacionais tratan temas concretos que afectan a todos ou a varios países. Hai moitísimos dedicados a temas medioambientais e, a modo de exemplo, citamos algúns:



28

- Convenio de Ramsar. - Protexe os humidais pola súa grande importancia como hábitats para as aves acuáticas.
- Convenio de Berna. - Sobre a conservación da fauna e da flora salvaxes e dos seus hábitats naturais en Europa.
- Convenio de Bonn. - Sobre a conservación de especies migratorias.
- Convenio de Washington (CITES).- Sobre o comercio internacional de especies ameazadas da flora e a fauna silvestres.
- Convenio de Xenebra. - Sobre a contaminación atmosférica transfronteriza a grande distancia.
- Convenio de Viena.- Sobre a protección da capa de ozono.
- Convenio de Basilea. - Sobre o control dos movementos transfronteirizos dos refugallos perigosos e a súa eliminación.
- Convenio de Río. - Sobre a diversidade biolóxica
- Convenio Marco das NNUU sobre o Cambio Climático (Río de Janeiro).

## Legislación da Unión Europea

Os temas ambientais teñen un grande peso na Unión Europea e dá idea da súa importancia o feito de que arredor da terceira parte do que se legisla refírese a este tema. Os tres tipos máis importantes de disposicións comunitarias son os Regulamentos, as Decisións e as Directivas. Os Regulamentos e as Decisións aplícanse directamente en todos os países membros, mentres que as Directivas son de obrigado cumprimento pero é cada un dos países o que ten que facer as súas leis concretas para aplicar a Directiva no seu propio territorio. As Directivas son o instrumento normativo máis utilizado no campo medioambiental.

Hai varios centos de normativas europeas sobre impacto ambiental, protección da atmosfera, calidade das augas, regulación de vertidos, conservación da natureza, xestión de residuos, etc.

**Programas Marco.** - A forma na que se organizou a política ambiental en Europa foi a través de Programas de cinco anos de duración. O Primeiro Programa de Acción abarcou de 1973 a 1977 e dedicouse especialmente á contaminación atmosférica e á xestión dos recursos e do medio. Como vimos no Quinto Programa, que comezou en 1993, estaba dedicado a pór en marcha as recomendacións da Conferencia de Río, procurando impulsar un desenvolvemento sostible en Europa.

## Legislación Española

### **Normativa estatal**

#### 1.- Avaliación Impacto Ambiental

- Real Decreto Legislativo 1.302/86 de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Boletín Oficial do Estado do 05-10-1986.
- Real Decreto 1.131/88, polo que se aproba o Regulamento para a execución do Real Decreto Legislativo 1.302/86, de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Boletín Oficial do Estado do 5-10-88.
- Real Decreto Lei 9/2000, modificación do R.D. Legislativo 1302/86, de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Lei 6/2001, modificación do R.D. Legislativo 1302/86, de Avaliación de Impacto Ambiental.



## 2.- Atmosfera

- Decreto 2414/1961, polo que se aproba o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP). Boletín Oficial do Estado, do 07-12-1961.
- Lei 38/1972, de protección do medio ambiente atmosférico. Boletín Oficial do Estado, do 22-12-1972.
- Decreto 833/1975, polo que se desenvolve a Lei 38/1972, de protección do medio ambiente atmosférico. Boletín Oficial do Estado, do 22-04-1975.
- Orde do 18 de outubro de 1976 (Ministerio de Industria), sobre prevención e corrección da contaminación atmosférica de orixe industrial. Boletín Oficial do Estado, do 18-10-1976.

## 3.- Vertidos de Augas Residuais

- Real Decreto 849/1986, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, de Augas. Boletín Oficial do Estado, do 30-04-1986.
- Orde do 23 de decembro de 1986 (Mº. de Obras Públicas y Urbanismo). Autorizacións de vertidos de augas residuais. Boletín Oficial do Estado, do 30-12-1986.
- R.D. 1315/1992, do 30 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.
- Real Decreto Lexislativo 1/2001, texto refundido da Lei de Augas.
- Real Decreto 995/2000, obxectivos de calidade sobre determinadas substancias contaminantes en vertidos.
- Real Decreto 484/95, regularización e control de vertidos.



## 4.- Residuos

- Resolución do 17 de novembro de 1998, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se dispón a publicación do catálogo europeo de residuos (CER), aprobado mediante a Decisión 94/37CE, da Comisión, do 20 de decembro de 1993. Boletín Oficial do Estado, do 08-01-1999.
- Lei 10/1998, do 21 de abril, de Residuos. Boletín Oficial do Estado, do 22-04-1998.
- Lei 11 /1997, de Envases e Residuos de envases. Boletín Oficial do Estado, do 25-04-1997.
- Real Decreto 782/1998, do 30 de Abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de Abril, de Envases e Residuos de Envases. Boletín Oficial do Estado, do 10-05-1998.

- Real Decreto 833/1988, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos. Boletín Oficial do Estado, do 30-07-1988.
- R.D. 952/1997, polo que se modifica o regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de Residuos Tóxicos e Perigosos. Boletín Oficial do Estado, do 05-07-1997.

#### 5.- Ruídos

- Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP).

### **Competencias das Comunidades Autónomas e os Concellos**

As Autonomías e os municipios son competentes en moitas cuestións medioambientais. As Comunidades Autónomas ditan Leis e Decretos Autonómicos e os concellos Ordenanzas Municipais que regulan cuestións moi diversas neste campo.

#### Legislación galega:

- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía para Galicia (BOE nº 101, do 28.04.81).
- Lei 12/1993, do 29 de xuño, de fomento de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia (DOG nº 161, do 23.08.93).
- Decreto 63/1997, do 14 de marzo, polo que se regula o exercicio de determinadas funcións en relación coa tramitación de aproveitamentos hidroeléctricos con potencia nominal non superior a 5000 quilovatios. (DOG nº 62, do 02.04.97).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG nº 149, de 05.08.97).
- Decreto 219/1997, do 24 de xullo, polo que se modifica a composición da Comisión Galega de Medio Ambiente e do Comité de Traballo da Comisión Galega de Medio Ambiente. (DOG nº 154, de 12.08.97). (Corrección de erros DOG nº 169, do 03.09.97).

#### Observacións:

- (Comisión creada por Decreto 185/84, do 27 de decembro)  
Modifica os Decretos 179/91, do 30 de maio; 156/87, do 24 de xuño e a Orde do 23 de novembro de 1987.



- Decreto 293/1997, do 1 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da escala de axentes forestais. (DOG nº 203, do 21.10.97).
- Decreto 72/1998, do 30 de xaneiro, polo que se crean os Comités de Integración e Coordinación Ambiental. (DOG nº 48, do 11.03.98).
- Decreto 164/1999, do 27 de maio, polo que se establecen as competencias e funcións do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia. (DOG nº 106, do 04.06.99).
- Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación, na Comunidade Autónoma galega, dun sistema voluntario de xestión e auditoría medioambiental. (DOG nº 126, do 02.07.99).
- Orde do 15 de novembro de 1999, pola que se modifica a Orde do 30 de maio de 1996, que regula o exercicio e a tramitación de denuncias ambientais. (DOG nº 224, de 19.11.99).
- Orde do 13 de marzo de 2000 pola que se modifica o anexo da Orde do 15 de novembro de 1999 para incluír novos datos nos modelos de actas de inspección co fin de obter maior información nas inspeccións ambientais. (DOG nº 55, do 20.03.00).
- Resolución do 15 de marzo de 2002 pola que se fai público o Plano galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (2002-2005). (DOG nº 65, do 04.04.02).



## 4.4 Lexislación sobre protección de datos

O funcionamento de toda empresa require a disposición e manexo de datos de carácter persoal. Desde os datos relativos aos traballadores para a confección de nóminas, a datos sobre os seus clientes para a facturación. Formúlansenos por tanto algunhas cuestións sobre que obrigacións ten a empresa, como pode recoller os datos, cando pode cedelos ou comunicalos, etc.

A Lei Orgánica 15/1999 do 13 de Decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) establece unha serie de obrigacións para as empresas, os profesionais autónomos e as administracións públicas que sexan titulares de datos de carácter persoal.

Esta lei ten por obxecto garantir e protexer, no que concirne ao tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, especialmente da súa honra e intimidade persoal e familiar.

A LOPD permanece vixente desde o 15 de xaneiro de 2000, momento no que quedou derogada a anterior LORTAD. A diferenza fundamental entre ambas é que nesta última ampliouse tanto os supostos de protección como as sancións

De acordo coa Lei, son datos de carácter persoal calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables, é dicir, toda información que achegue datos sobre unha persoa física concreta ou ben que a través de dita información se poida chegar a identificar.

Quedan excluídos, por tanto, calquera tipo de datos relativos a persoas xurídicas.

Os datos de carácter persoal divídense en grupos:

- Datos especialmente protexidos
- Datos de carácter identificador
- Datos de características persoais
- Datos de circunstancias sociais
- Datos académicos e profesionais
- Datos de detalles de emprego
- Datos de información comercial
- Datos económico-financeiros e de seguros
- Datos de transaccións.

A LOPD é de aplicación aos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, que os faga susceptibles de tratamento, e a toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado.



Se ben o rexistro de datos en soporte físico inclúe tanto os ficheiros informatizados como os convencionais, o Regulamento de Medidas de Seguridade, é unicamente aplicable aos ficheiros informatizados.

Por outro lado, os suxeitos aos que é de aplicación a Lei son todas as persoas físicas e xurídicas tanto de natureza pública como privada. É dicir, a LOPD abarca non só as empresas privadas senón tamén as persoas físicas no desempeño da súa actividade profesional, as administracións públicas, asociacións, organismos e, en xeral, toda persoa que trate datos de carácter persoal.

Dun punto de vista práctico, as empresas véñse obrigadas pola LOPD a levar a cabo unha serie de medidas que garanten os dereitos dos afectados. De forma xeral son estas:

### **Protexer os dereitos dos afectados**

Dispor dos medios para que os afectados poidan exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

### **Rexistro de ficheiros**

Notificar a existencia, creación e modificación dos ficheiros que conteñan datos de carácter persoal no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

### **Documento de seguridade**

Elaborar, manter e aplicar un documento de seguridade dos datos de carácter persoal.





## 5. Aspectos laborais da empresa

Neste apartado perfilanse algúns dos aspectos máis importantes en materia laboral que un emprendedor debe ter presentes á hora de pór en marcha a súa idea de negocio.

- > MODALIDADES DE CONTRATACIÓN
- > FORMACIÓN REGRADA
- > FORMACIÓN OCUPACIONAL
- > FORMACIÓN CONTINUA
- > CURSOS BIC-IGAPE



### 5.1 Modalidades de contratación

35

Un dos primeiros aspectos que debes dominar á hora de iniciares a túa actividade é o da contratación dos traballadores que conformarán o teu cadro de persoal.

A continuación, móstrase unha táboa con algunhas das modalidades de contratación máis habituais. Nela podes consultar as tipoloxías de contratos, as súas características principais e a normativa vixente que rexe para cada un deles. Para obter información sobre estes temas, podes consultar a páx. web do INEM ([www.inem.es](http://www.inem.es)), a do Ministerio de Trabajo ([www.mtas.es](http://www.mtas.es)) e as MEMOFichas editadas por BIC Galicia ([www.bicgalicia.es](http://www.bicgalicia.es)).



TIPO DE CONTRATO	CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS	NORMATIVA
<b><u>Contrato a tempo parcial</u></b>	Cando a prestación de servizos se acordase durante un número de horas inferior ao 77% da xornada a tempo completo establecida no Convenio aplicable/ da xornada máxima legal.	Art. 12 RD 1/1995 do 24 de marzo. RD 15/1998 do 27 de novembro. RD 144/1999 do 29 de xaneiro
<b><u>Contrato de interinidade</u></b>	Contrato que se celebra con traballadores desempregados inscritos nos Servizos Públicos de Emprego, para participar en programas públicos para a realización de obras e servizos de interese xeral e social. Os obxectivos deste tipo de contrato son a adquisición de experiencia laboral e mellorar a ocupabilidade do desempregado. Os traballadores que sexan parte nestes contratos non poderán repetir a súa participación ata transcorridos tres anos desde a finalización do anterior contrato desta natureza, sempre e cando o traballador fose contratado baixo esta modalidade por un período superior a nove meses nos últimos tres anos.	Estatuto dos Traballadores. Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada Lei 12/2001 do 9 de Xullo.
<b><u>Contrato de obra ou servizo</u></b>	É o que se concerta para a realización dunha obra ou prestación dun servizo, con autonomía e substantividade propia dentro da actividade da empresa e cuxa execución, aínda que limitada no tempo, sexa en principio de duración incerta.	Art. 15 RD 1/9595 do 24 de marzo, segundo redacción dada por Lei 63/97 do 26 de decembro, ampliado por art.1 Lei 12/2001 do 9 de xullo. RD 2720/98 do 18 de decembro. Art. 3 Lei 12/2001 do 9 de xullo.
<b><u>Contrato de relevo</u></b>	Contrato celebrado cun traballador da propia empresa cun contrato de duración determinada ou cun desempregado (inscrito na Oficina de Emprego), para prestar servizos durante, polo menos, a parte da xornada deixada vacante por quen reduce a súa xornada, entre un 25 e un 85%, para acceder á xubilación parcial. O posto de traballo da persoa que releva debe ser o mesmo ou similar ao do substituído, entendendo por similar o correspondente a tarefas do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, e o seu horario pode completar ou ser simultáneo ao do substituído. O contrato de relevo pode ser por tempo indefinido ou ter unha duración determinada.	Estatuto dos Traballadores. Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo Real Decreto 1991/1984, do 31 de outubro, sobre regulación da xubilación parcial e dos contratos de relevo e a tempo parcial Lei 12/2001, do 9 de xullo de medidas urxentes.

<p><b><u>Contrato de trabajo a domicilio</u></b></p>	<p>É aquel contrato no que a prestación da actividade laboral se realiza no domicilio do traballador ou no lugar libremente elixido por este e sen a vixilancia do empresario. O contrato de traballo a domicilio en principio presúmese celebrado por tempo indefinido. Mais pode tamén celebrarse por tempo determinado. Todo empresario que ocupe traballadores a domicilio deberá pór á disposición destes un documento de control da actividade que realicen, no que deben consignarse o nome do traballador, a clase e cantidade de traballo.</p>	<p>Estatuto dos Traballadores. Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.</p>
<p><b><u>Contrato de traballo de inserción</u></b></p>	<p>Contrato que se celebra con traballadores desempregados inscritos nos Servizos Públicos de Emprego, para participar en programas públicos para a realización de obras e servizos de interese xeral e social. Os obxectivos deste tipo de contrato son a adquisición de experiencia laboral e mellorar a ocupabilidade do desempregado. Os traballadores que sexan parte nestes contratos non poderán repetir a súa participación ata transcorridos tres anos desde a finalización do anterior contrato desta natureza, sempre e cando o traballador fose contratado baixo esta modalidade por un período superior a nove meses nos últimos tres anos.</p>	<p>Apartado 1) do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, segundo redacción dada polo apartado nove do artigo primeiro da Lei 12/2001, do 9 de xullo (BOE do 10 de xullo).</p>
<p><b><u>Contrato de traballo en grupo</u></b></p>	<p>É o contrato de traballo celebrado entre o empresario e o xefe dun grupo de traballadores considerado na súa totalidade, non tendo o empresario fronte a cada un dos membros do grupo os dereitos e deberes que como tal lle competen. O grupo de traballadores é contratado como unha totalidade e o xefe do grupo ostenta a representación dos traballadores que o integran respondendo das obrigacións inherentes a dita representación. No que respecta á duración pode ser por tempo indefinido ou de duración determinada.</p>	<p>Estatuto dos Traballadores. Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.</p>
<p><b><u>Contrato en prácticas</u></b></p>	<p>Facilita a obtención de práctica profesional adecuada aos seus estudos por traballadores con título universitario ou formación profesional de grao medio ou superior, sempre que finalizasen os seus estudos nos últimos 4 anos (6 se se trata dun traballador diminuído). A súa duración non poderá ser inferior a 6 meses nin exceder de 2 anos.</p>	<p>Art. 11 RD 1/1995 do 24 de marzo. Lei 63/1997 do 26 de decembro. RD 488/97 de 27 do marzo, que desenvolve o art.11 ET en materia de contratos formativos.</p>





<b><u>Contrato eventual por circunstancias da produción</u></b>	Establécese para atender as esixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa. A súa duración máxima é de 6 meses dentro dun período de 12 meses, sen prexuízo do establecido nos convenios colectivos.	Art. 15 RD 1/1995 do 24 de marzo segundo redacción dada por art. 1 Lei 12/2001 do 9 de xullo RD 2720/98 do 18 de decembro. Art. 3 Lei 12/2001 do 9 de xullo.
<b><u>Contrato indefinido</u></b>	É aquel que se concerta sen establecer límites de tempo na duración do contrato. A súa formalización pode ser verbal ou escrita, agás os acollidos ao programa público de fomento da contratación indefinida, discapacitados, etc., ou outros que estipula nos convenios colectivos.	Estatuto dos Traballadores RD 1/1995 do 24 marzo. Lei 12/2001 do 9 de xullo de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento de emprego e mellora da súa calidade. Lei 24/2001 do 27 de decembro de medidas fiscais, administrativas e de orde social.
<b><u>Contrato indefinido de fixos descontínuos</u></b>	É o que se concertará para realizar traballos que teñan o carácter de fixos descontínuos e non se repitan en datas certas, dentro do volume normal de actividade da empresa. Os traballadores serán chamados na orde e a forma que se determine nos respectivos convenios colectivos.	Estatuto dos Traballadores RD 1/1995 do 24 marzo. RD 2317/1993 do 29 de decembro polo que se desenvolven os contratos en prácticas e de aprendizaxe e os contratos a tempo parcial. Lei 12/2001 do 9 de xullo. Lei 24/2001 do 27 de decembro de medidas fiscais, administrativas e de orde social.
<b><u>Contrato indefinido para discapitados</u></b>	Contrato realizado entre un traballador diminuído e o empresario por tempo indefinido e a xornada completa. Subscribíense a este tipo de contratos os traballadores discapacitados cun grao de diminución de, como mínimo, un 33%. O traballador ten que ser declarado discapacitado pola Administración e estar inscrito no Rexistro correspondente da Oficina de Emprego. A contratación de discapacitados non é obrigatoria excepto en empresas que empregan a 50 ou máis traballadores; estas están obrigadas a que de entre os traballadores, polo menos, o 2% sexan traballadores discapacitados.	Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de discapacitados Real Decreto 1451/1983, do 11 de maio, sobre medidas de fomento do emprego de traballadores discapacitados Real Decreto 27/2000, do 14 de xaneiro.
<b><u>Contrato para a formación</u></b>	Facilita a contratación de persoas sen experiencia para a súa inserción no mercado laboral, a través da formación dada pola empresa. Establécese un máximo deste tipo de contratos en función do tamaño do cadro de persoal.	Art. 11 RD 1/1995 do 24 de marzo. Lei 63/1997 do 26 de decembro. RD 488/97 do 27 de marzo, que desenvolve o art. 11 ET en materia de contratos formativos.

Existen ademais outro tipo de contratos indefinidos ou temporais bonificados que se aplican a colectivos específicos como son, por exemplo: traballadores en exclusión social, traballadores maiores de 45 anos, vítimas da violencia doméstica, etc.

TIPO DE CONTRATO	CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS	NORMATIVA
<b><u>Contrato para maiores de 45 anos.</u></b>	É necesario estar desempleado e inscrito no Servizo Público de Emprego e ser maior de 45 anos.	Estatuto dos traballadores. Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. Lei 53/2002 do 30 de decembro de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
<b><u>Contrato para traballadores que se encontran en situación de exclusión social</u></b>	É necesario estar desempleado e inscrito no Servizo Público de Emprego en situación de exclusión social. A exclusión se acreditarase polos correspondentes servizos sociais municipais.	Estatuto dos traballadores. Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. Lei 53/2002 do 30 de decembro de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
<b><u>Contrato para traballadores vítimas de violencia doméstica</u></b>	É necesario que os traballadores teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.	Estatuto dos traballadores. Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. Lei 53/2002 do 30 de decembro de medidas fiscais, administrativas e da orde social.



Outro dos aspectos máis destacables que debes considerar na túa empresa é o da Formación dos traballadores.

A formación profesional é o ensino de habilidades directamente relacionadas coa preparación para unha profesión ou actividade laboral concreta. Dentro da formación profesional existen tres subsistemas: regrada, ocupacional e continua.

## 5.2 Formación Profesional Regrada

É a que se imparte desde o sistema educativo a través da formación profesional de base, a formación profesional específica e os actuais programas de iniciación profesional.

Ao empresario emprendedor interésalle a formación profesional específica que se organiza en ciclos formativos de dous niveis, de grao medio e superior. Cada ciclo consta de diferentes módulos:

Módulos específicos da profesión.

Módulos de formación e orientación laboral, iguais para todos os ciclos do mesmo grao.

Módulos de formación en centros de traballo, específicos para cada ciclo formativo.

Os ciclos formativos de grao medio e superior organízanse en familias profesionais. A familia profesional é un conxunto de profesións que comparten un tronco común de coñecementos, destrezas e habilidades. As familias profesionais divídense en dous grupos: familias de Formación Profesional específica de réxime xeral e familias de Formación Profesional específica de artes plásticas e deseño.

Existen 22 familias profesionais de Formación Profesional específica de réxime xeral, identificadas con diferentes sectores produtivos:



40

### Actividades Agrarias:

CM Explotacións agrarias extensivas

CM Explotacións agrícolas intensivas

CM Explotacións gandeiras

CM Xardinería

CM Traballos forestais e de conservación do Medio Natural

CS Xestión e organización de empresas agropecuarias

CS Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos

### Actividades Físicas e Deportivas:

CM Condución de actividades físico-deportivas no Medio Natural

CS Animación de Actividades físicas e deportivas

### **Actividades Marítimo-Pesqueiras:**

- CM Mergullo a Media Profundidade
- CM Operacións de cultivo acuícola
- CM Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do Buque
- CM Técnico en Pesca e Transporte Marítimo
- CS Navegación, pesca e transporte marítimo
- CS Producción acuícola
- CS Supervisión e control de Maquinaria mariña e instalacións de Buque

### **Administración:**

- CM Xestión Administrativa
- CS Administración e finanzas
- CS Secretariado

### **Artes Gráficas:**

- CM Impresións en Artes Gráficas
- CM Preinscripción en Artes Gráficas
- CS Deseño e produción editorial
- CS Producción en industrias de Arte Gráficas

### **Comercio e Marketing:**

- CM Comercio
- CS Comercio Internacional
- CS Xestión comercial e marketing
- CS Xestión do transporte

### **Comunicación, Imaxe e Son:**

- CM Laboratorio de Imaxe
- CS Imaxe
- CS Producción de Audiovisuais, radio e espectáculos
- CS Realización de Audiovisuais e espectáculos
- CS Son



### **Edificación e obra Civil:**

- CM Acabados de Construción
- CS Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción
- CS Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas
- CS Realización e planos de obra

### **Electricidade e Electrónica:**

- CM Equipamentos electrónicos e de Consumo
- CM Equipamentos e Instalacións electrotécnicas
- CS Desenvolvemento de produtos electrónicos
- CS Instalacións electrónicas
- CS Sistemas de regulación e control automáticos
- CS Sistemas de telecomunicación e informática

### **Fabricación Mecánica:**

- CM Mecanizado
- CM Soldadura e caldeirería
- CS Construcións Metálicas
- CS Desenvolvemento de proxectos mecánicos
- CS Producción por fundición e pulvimetalurxia



### **Hostalería e Turismo:**

- CM Cociña
- CM Pastelería e Panadería
- CM Servizos de restaurante e bar
- CS Axencia de viaxes
- CS Aloxamentos
- CS Animación Turística
- CS Información e Comercialización turística
- CS Restauración

### **Imaxe Persoal:**

- CM Estética persoal decorativa
- CM Perruquería
- CS Estética

### **Industrias Alimentarias:**

- CM Conservaría vexetal, cárnica e de peixe
- CM Elaboración de produtos lácteos
- CM Elaboración de viños e outras bebidas
- CS Industria alimentaria

### **Informática:**

- CM De Explotacións de sistemas informáticos
- CS Administrador de sistemas
- CS Desenvolvemento de aplicacións informáticas

### **Madeira e Moble:**

- CM Fabricación a Medida e Instalación de carpintería e Moble
- CS Desenvolvemento de produtos en carpintería e moble
- CS Producción de madeira e moble

### **Mantemento de Vehículos Autopropulsados:**

- CM Carrozaría
- CM Electromecánica de Vehículos
- CS Automoción

### **Mantemento e servizos á produción:**

- CM Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas
- CM Montaxe e mantemento de instalacións de Frío, climatización e produción de calor
- CS Desenvolvemento de proxectos de instalacións de fluídos, térmicas e de manutención
- CS Mantemento de Equipamento industrial
- CS Mantemento e montaxe de instalacións de Edificio e proceso



## Química:

- CM Laboratorio
- CS Análise e control
- CS Industrias de proceso químico
- CS Química ambiental

## Sanidade:

- CM Coidados Auxiliares de Enfermería
- CM Farmacia
- CS Anatomía patolóxica Clínica
- CS Audioprótese
- CS Dietética
- CS Documentación sanitaria
- CS Hixiene bucodental
- CS Imaxe para o diagnóstico
- CS Laboratorio de diagnóstico clínico
- CS Próteses dentais
- CS Saúde Ambiental



44

## Servizos Socioculturais á Comunidade:

- CM Atención Sociosanitaria
- CS Animación Sociocultural
- CS Interpretación da Lingua de Signos
- CS Educación Infantil
- CS Integración social

## Téxtil e confección de pel:

- CM Confección
- CM Produción de tecidos de punto
- CS Patronaxe

## Vidro e cerámica:

- CM Operacións de fabricación de produtos cerámicos

Existen 13 familias profesionais de Formación Profesional específica de artes plásticas e deseño, que se imparten nas Escolas de Arte:

Artes aplicadas da escultura

Xoiería de arte

Deseño gráfico

Artes aplicadas ao libro

Deseño de interiores

Deseño industrial

Cerámica artística

Artes aplicadas á indumentaria

Artes aplicadas ao muro

Esmaltes artísticos

Téxtiles artísticos

Arte floral

Vidro artístico

Para obter máis información sobre a formación profesional específica e os centros onde se imparte, o emprendedor pode consultar a páx. web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: [www.edu.xunta.es/portal/](http://www.edu.xunta.es/portal/).



## 5.3 Formación Profesional Ocupacional

Impártese fóra do sistema educativo e por parte dunha rede de centros que están cualificados para impartir formación ocupacional. Desde as Administracións Públicas promóvese o desenvolvemento de cursos de formación ocupacional dirixidos á preparación de traballadores en activo ou en paro para acceder a unha ocupación ou ben para mellorar o seu posto de traballo.

Estrutúrase en 29 familias profesionais, organizadas en módulos e ciclos formativos que darán a cualificación oportuna para o exercicio dunha profesión.

### Familias profesionais de formación ocupacional:

Agraria  
Administración e oficinas  
Artesanía  
Automoción  
Comercio  
Docencia e investigación  
Servizos ás empresas  
Edificación e obras públicas  
Formación complementaria  
Fabricación de equipamentos electromecánicos  
Industrias alimentarias  
Industrias gráficas  
Información e manifestacións artísticas  
Industria pesada e construcións metálicas  
Industrias químicas  
Industrias téxtiles  
Industrias da madeira e a cortiza  
Minería e primeiras transformacións  
Montaxe e instalación  
Mantemento e reparación  
Industrias manufactureiras diversas  
Pesca e acuicultura



Producción, transformación e distribución de enerxía e auga

Sanidade

Seguros e finanzas

Servizos á comunidade e persoais

Transportes e comunicacións

Turismo e hostalería

Especialidades específicas para persoas discapacitadas

As familias profesionais impártense en dous tipos de cursos:

- Plano Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plano FIP)
- Programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plano FIP.

Para obter máis información sobre a formación profesional ocupacional e os centros onde se imparte, o emprendedor pode consultar a páx. web da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional: [www.xunta.es/conselle/as/spe/dxhc](http://www.xunta.es/conselle/as/spe/dxhc).



## 5.4 Formación Profesional Continua

É formación non regrada, integrada polo conxunto de accións formativas que se desenvolven polas empresas, os traballadores ou as súas respectivas organizacións, a través das modalidades previstas no Acordo Nacional de Formación Continua, dirixido tanto á mellora de competencias e cualificacións como á recualificación dos traballadores ocupados.

As Institucións e Organismos participantes son: Organizacións sindicais, Organizacións empresariais, Institucións e Organismos Públicos, Institucións e Organismos Privados, Institucións e Organismos Europeos, Institucións e Organismos Internacionais e Institucións e Organismos Iberoamericanos.

Para obter máis información sobre a formación profesional continua, o emprendedor pode consultar a páx. web da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego: [www.fundaciontripartita.org/](http://www.fundaciontripartita.org/).



## 5.5 Cursos BIC-IGAPE

O BIC-Galicia, en colaboración co Igape, programa anualmente unha serie de actividades de formación dirixidas fundamentalmente a pequenas e medianas empresas e a emprendedores que desexan crear o seu propio negocio; deberías ter presente estes seminarios á hora de elaborar o teu proxecto empresarial.

### Actividades formativas para emprendedores:

- Seminarios para a difusión da creación de empresas
- Seminarios de xeración e maduración de ideas
- Seminarios de formación continua para emprendedores
- Seminarios de planificación empresarial
- Cursos de creación de empresas on line
- Seminarios de xestión empresarial

### Actividades formativas para Pemes:

- Cursos e seminarios PIMEGA
- Xornadas divulgativas para Pemes
- Seminarios de difusión das novas tecnoloxías
- Redes de cooperación interempresarial

Para obter máis información sobre estes cursos, podes consultar a programación publicada na páxina web <http://actividades.igape.es/>







## 6. Aspectos a considerar na análise do mercado

### 6.1 Métodos de cálculo do tamaño do mercado

A continuación, ofrécese información sobre unha serie de métodos que che poden axudar a calcular o tamaño do mercado na túa área de influencia e a parte deste mercado que vas poder captar. Convén que teñas en conta que estes métodos non son excluíntes, na maior parte das ocasións é necesaria a súa combinación creativa.

Os métodos que se explican a continuación son os seguintes:

Método de ratios sucesivos:

Método da construción do mercado

Método de cotas

Opinión dos expertos

Competidores

Observación



#### a. Método de ratios sucesivos:

Supón a utilización dunha sucesión de porcentaxes nos que se descompón o mercado potencial absoluto, que axudan a concretar a demanda existente dun produto determinado. A dificultade deste método reside na obtención das diferentes porcentaxes, para o que se debe recorrer ás fontes secundarias e á opinión dos expertos. Por este motivo, interesa obter unha estimación en forma de intervalo, en lugar de realizar unha estimación puntual.

Imaxina que un emprendedor que quere montar un centro de ensinanza de artes marciais dispón da seguinte información para o cálculo do tamaño do seu mercado:

- A poboación entre 20-40 anos que reside na súa área de influencia é 6.000 persoas.
- Un 25% da poboación entre 20-40 anos practica algún deporte
- Un 10% dos deportistas practican algún tipo de arte marcial
- Un 60% dos que practican artes marciais fano en centros privados.

A aplicación do método de ratios sucesivos consistiría no seguinte:

6.000 persoas

(aplicamos a porcentaxe do 25%)

$6.000 \times 0,25 = 1.500$  persoas practican algún deporte

(aplicamos a porcentaxe do 10%)

$1.500 \times 0,10 = 150$  persoas que practican artes marciais

(aplicamos a porcentaxe de 60%)

$150 \times 0,60 = 90$  persoas practican artes marciais en centros privados

### **b. Método da construción do mercado:**

Estoutro método baséase na identificación de todos os compradores potenciais do mercado e a estimación do seu potencial de compra.

Supón que un emprendedor desexa crear unha empresa dedicada a prestar servizos de limpeza e mantemento. Sabe que na súa zona de influencia hai cen empresas que se clasifican polo seu volume medio de gasto, da seguinte forma:



52

Tipo de empresa	Número de Empresas	Gasto anual en mantemento
Tipo A	50	1.440 euros/ano
Tipo B	25	4.320 euros/ano
Tipo C	15	7.200 euros/ano
Tipo D	10	15.000 euros/ano

O mercado potencial da zona sería de:

$1.440 \text{ euros /ano} \times 50 + 4.320 \text{ euros /ano} \times 25 + 7.200 \text{ euros /ano} \times 15 + 15.000 \text{ euros /ano} \times 10 = 438.000 \text{ euros.}$

### **c. Método de cotas:**

Este método consiste na identificación das cotas de mercado que corresponden ás diferentes empresas que compiten nel. Loxicamente, canto menor é o número de empresas que operan nun mercado, máis fácil resulta a aplicación de dito método. Non obstante, sempre é posible ter en conta as empresas máis importantes e facer un grupo á parte coas restantes.

O método de cotas permite facer unha estimación do tamaño do mercado, tanto en volume (unidades) como en valor económico.

Imaxina que un emprendedor quere crear unha carpintería metálica. Sabe que na súa zona de influencia constrúense cada ano 3.000 vivendas. Así mesmo, investiga que as empresas máis importantes acaparan o 60% dese mercado e deixan o 40% para as empresas máis pequenas.

*3.000 vivendas*

*$0,60 \times 3.000 = 1.800$  vivendas*

*$0,40 \times 3.000 = 1.200$  vivendas*

*O tamaño do mercado potencial sería de 1.200 vivendas*

### **d. Opinión dos expertos:**

Segundo este método, a estimación do mercado non se apoia nuns datos obxectivos senón na opinión dun experto na materia. Das conclusións individuais facilitadas por varios expertos extráese unha estimación media. Provedores, clientes, técnicos de asociacións, etc., poden ser expertos. Así mesmo, os emprendedores que non son a túa competencia directa, por teren o negocio lonxe da túa área de influencia, pódennos proporcionar información valiosa de cara a unha estimación do tamaño do teu mercado e a unha previsión das vendas.



### **e. Competidores:**

Segundo este método, o tamaño do mercado calcúlase a partir da facturación agregada das empresas competidoras. Trátase dunha estimación imprecisa, mais suficiente para aproximarte á magnitude que pode representar o mercado. Esixe os seguintes pasos:

En primeiro lugar, tes que identificar as empresas competidoras da túa área de influencia e informarte sobre as vendas dunha pequena mostra das mesmas, para o que podes recorrer ás bases de datos de ARDÁN ou do Rexistro Mercantil, por exemplo. A análise dos datos débete permitir facer

unha agrupación das empresas en función dos contornos de facturación que consideres relevantes. Finalmente, o resultado da multiplicación do número de empresas de cada grupo pola súa facturación media e a suma dos resultados desta operación será igual ao tamaño do mercado estimado para a zona analizada.

Imaxina que un emprendedor quere crear un laboratorio de ensaios. Unha vez identificadas as empresas e varios contornos de facturación, a estimación do tamaño do mercado podería xerar unha táboa como a seguinte:

Número	Facturación/ ano	% Facturación aproximada na miña área de influencia	Total
100	150.000	100%	15.000.000
50	900.000	100%	45.000.000
3	2.000.000	50%	3.000.000

O tamaño do mercado é de 63.000.000 euros.



### f. Observación:

A observación ten como finalidade a recollida de información sobre as persoas, sen que os suxeitos investigados se dean conta de que están desvelando os datos relativos aos seus actos ou comportamentos.

A observación como método de investigación comercial ten múltiples aplicacións pero, atendendo ao obxectivo deste apartado, as máis importantes son:

O coñecemento dos comportamentos e condutas que os compradores mostran no acto da compra.

O coñecemento da afluencia de compradores a un establecemento comercial.

Para realizar a observación é necesario utilizar un patrón e desprazarse ao lugar da compra. É conveniente realizar observacións en diferentes franxas horarias e distintos días da semana.

Aquí preséntase un exemplo no que se estuda a afluencia de público a un punto de venda, para coñecer o número de clientes e a rendibilidade do mesmo. Isto permite valorar as posibilidades de apertura doutro punto de venda similar.

OBSERVACIÓN		PERSOAS	DÍAS	TOTAL	ENTRAN
HORAS					
10:00	10:05	8	3	24	4
10:15	10:20	16	3	48	3
10:30	10:35	10	3	30	7
10:45	10:50	14	3	42	4
11:00	11:05	12	3	36	1
11:15	11:20	19	3	57	3
11:30	11:35	22	3	66	5
11:45	11:50	25	3	75	2
12:00	12:05	17	3	51	4
12:15	12:20	24	3	72	3
12:30	12:35	17	3	51	7
12:45	12:50	18	3	54	4
13:00	13:05	22	3	66	1
13:15	13:20	26	3	78	3
13:30	13:35	18	3	54	5
13:45	13:50	15	3	45	2
16:30	16:35	8	3	24	4
16:45	16:50	6	3	18	3
17:00	17:05	11	3	33	7
17:15	17:20	13	3	39	4
17:30	17:35	10	3	30	1
17:45	17:50	23	3	69	3
18:00	18:05	27	3	81	5
18:15	18:20	21	3	63	2
18:30	18:35	18	3	54	4
18:45	18:50	12	3	36	3
19:00	19:05	17	3	51	7
19:15	19:20	13	3	39	4
19:30	19:35	11	3	33	1
19:45	19:50	13	3	39	3
20:00	20:05	10	3	30	5
		<b>496</b>	<b>3</b>	<b>1.488</b>	<b>114</b>



Persoas: Número de persoas que pasan por diante do punto de venda.

Días: Número de días do estudo.

Total: Número de persoas x Número de días.

Entran: Número de persoas que pasan por diante e entran.

A observación combínase normalmente cunha pequena enquisa ás persoas que saen do establecemento para saber: se compraron, que compraron, o importe gastado, etc.





## 7. Fontes de financiamento

A continuación sinálanse algúns organismos dos cales podes obter financiamento para a túa empresa.

### 7.1 Sociedades de Capital-Risco

As Sociedades de Capital-Risco son sociedades anónimas dedicadas fundamentalmente a facilitar financiamento temporal a empresas non financeiras e non cotizadas que presentan dificultades para acceder a outras fontes de financiamento, e á administración e xestión de Fondos de Capital-Risco e activos de Sociedades de Capital-Risco respectivamente. Para o desenvolvemento do seu obxecto social principal, as Sociedades de Capital-Risco poderán facilitar préstamos participativos, así como outras formas de financiamento, a longo prazo. De igual modo, poderán realizar actividades de asesoramento.

#### Sociedades vinculadas ás Universidades

##### **- Unirisco ([www.unirisco.org](http://www.unirisco.org))**

Unirisco Galicia é a primeira Sociedade de Capital-Risco Universitaria autorizada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores (nº53). Esta constituíuse baixo a iniciativa da Universidade de Santiago co obxectivo de promover a creación de empresas que aproveiten o coñecemento xerado pola Universidade, mediante operacións de investimento temporal no capital das mesmas ou outros instrumentos financeiros, sempre baixo criterios de rendibilidade e creación de emprego.

É, por tanto, unha ferramenta de estímulo empresarial que facilita:

- O desenvolvemento tecnolóxico, abrindo alternativas á transferencia do coñecemento da Universidade á sociedade, a través da creación de empresas.
- A creación e mantemento de emprego no seo da comunidade universitaria.
- A creación dunha cultura emprendedora na Universidade, incrementando a predisposición dos seus membros á creación de empresas.



A maneira habitual de colaborar cun proxecto é involucrándose na posta en marcha e desenvolvemento do mesmo, a través da participación temporal minoritaria no capital da empresa. Esta participación terá as seguintes características:

- O prazo de participación oscilará, preferentemente, entre os 3 e 10 anos.
- O investimento poderá situarse entre os 100.000 euros e 300.000 euros, tendo como teito máximo 450.000 euros, sen estar establecido un teito mínimo de investimento.
- En casos de maior dimensión, contemplaranse as participacións sindicadas con outras entidades de Capital-Risco.

Complementariamente pode facilitar outras fórmulas financeiras como os préstamos participativos ou préstamos ordinarios.

A colaboración financeira de Unirisco pódese ver complementada por servizos de asesoría, tanto no proceso de negociación (axudas, procura de novos socios e/ou investidores...) como, unha vez constituída a empresa, asistindo aos xestores na marcha da mesma e participando, inclusive, nos consellos de administración.

### **Sociedades coparticipadas por capital público e privado.**



58

#### **- Xesgalicia ([www.xesgalicia.org](http://www.xesgalicia.org))**

XesGalicia é unha sociedade xestora de entidades de Capital-Risco participada maioritariamente polo IGAPE (70%) e por Ahorro Corporación (30%). O seu obxecto social principal é a administración e xestión dos fondos de Capital-Risco EMPRENDE e ADIANTE e dos activos de SODIGA, Sociedade de Capital-Risco.

O fondo **Emprende** oríentase a sociedades de nova creación con posibilidades de desenvolvemento e aquelas que acometan actividades novas e/ou apliquen novas tecnoloxías. Exclúense as empresas do sector financeiro ou que coticen no primeiro mercado das Bolsas de Valores.

As porcentaxes de participación son:

- Un investimento concreto non superará o 25% do activo do fondo.
- O investimento en empresas do mesmo grupo de sociedades non poderá exceder do 35% do fondo.
- A porcentaxe do fondo Emprende nunha empresa determinada non superará o 45% do capital.

O fondo **Adiante** apoia a empresas con dificultades económico-financeiras que poñan en perigo a súa existencia e sexan consideradas de interese para Galicia.

SCR **Sodiga**, ofrece unha canle actualizada para financiar proxectos empresariais con estruturas financeiras equilibradas e maduras.

## Sociedades participadas por capital privado.

### - **GesCaixa Galicia (www.caixagalicia.es)**

GesCaixa Galicia é unha Sociedade xestora de Fondos de Capital Risco que invisten o seu patrimonio en empresas non cotizadas que desenvolven proxectos innovadores.

GesCaixa Galicia promove proxectos empresariais e impulsa investimentos en empresas xa existentes a través dos seus Fondos. Os Fondos entran nas sociedades para desenvolver proxectos que perseguen o aumento de valor das compañías, e procede ao des-investimento unha vez se cumpriron os obxectivos previstos.

GesCaixa Galicia xestiona dous Fondos:

- Fondo Invercaixa Galicia F.C.R.: Dirixe os seus investimentos cara á promoción e/ou fomento de empresas non-financeiras cuxos valores non coticen no primeiro mercado da Bolsa de Valores, principalmente mediante a participación temporal no seu capital.
- Fondo Social Caixagalicia F.C.R.: Promove o investimento en empresas e/ou proxectos que favorezan o desenvolvemento cultural, educativo e socioeconómico de Galicia, faciliten a integración de colectivos marxinais e/ou favorezan grupos con baixos niveis de ingresos.

A participación de GesCaixa permite:

- Dispor de fondos de financiamento. GesCaixa pode acometer operacións de calquera tamaño, ben en solitario, ou ben co-investindo con outros grupos investidores.
- Traballar en equipo cos xestores das empresas participadas.
- Dotar a empresa dun mellor horizonte comercial e tecnolóxico.
- GesCaixa achega tempo e enerxía para a consecución dos obxectivos empresariais das súas compañías participadas.

Financia o desenvolvemento empresarial a través de participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas sen cotización oficial.



Como complemento, outorga préstamos ordinarios ou participativos a empresas participadas

**- Vigo Activo, S.A. [www.zonafrancavigo.com/](http://www.zonafrancavigo.com/)**

Vigo Activo é unha Sociedade de Capital-Risco creada en 1993 e participada polo Consorcio Zona Franca de Vigo, Caixa Vigo e a Cámara de Comercio de Vigo.

A zona de actuación preferente é Vigo e a zona sur de Galicia.

Vigo Activo é unha Sociedade de Capital-Risco cun capital de sete millóns de euros e cuxos promotores son o Consorcio da Zona Franca, a entidade bancaria Caixanova e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.

Normalmente o investimento faise en empresas que empezan e xa contan cun produto ou servizo, ou tamén en empresas xa existentes mais cun grande potencial de desenvolvemento.

Vigo Activo participa no capital das empresas de forma minoritaria. Normalmente subscribindo entre o 15 e o 40% do capital, cun importe entre 600 e 600.000 euros. O período de permanencia está entre os tres e os oito anos. Unha vez transcorrido, vende a súa participación ao resto dos socios ou a terceiros.

**-Ascri. ([www.ascrri.org](http://www.ascrri.org))**

A Asociación Española de Capital-Riesgo e Inversión (ASCRI) nace en 1986, sen ánimo de lucro e coa vocación fundamental de desenvolver o Investimento en Capital de Empresas non cotizadas, e facilitar a interacción entre socios da Asociación. A Asociación estimula a promoción, a procura e a análise de información do sector de Capital - Risco / Capital - Investimento en España e facilita o contacto con organismos oficiais, investidor, intermediarios, escolas de negocios e outras institucións relevantes.



## 7.2 Sociedades de Garantía Recíproca

As Sociedades de Garantía Recíproca son sociedades mercantís cuxo obxectivo social é o outorgamento de garantías persoais por aval ou por calquera outro medio admitido en dereito distinto do seguro de caución, a favor dos seus socios para as operacións que estes realicen dentro do xiro ou tráfico das empresas das que sexan titulares.

### - Afigal ([www.afigal.es](http://www.afigal.es))

Afigal S.G.R. é unha Sociedade de Garantía Recíproca cunha dilatada experiencia no campo dos Servizos Financeiros. Afigal está formada por empresas e os seus produtos e servizos están dirixidos a elas.

As súas actividades teñen como destinataria a empresa e os seus obxectivos fundamentais son:

- Negociar e conseguir para os seus socios as mellores Liñas Financeiras e de Avais Técnicos.
- Outorgar avais financeiros, técnicos e especiais ás Pequenas e Medianas Empresas, permitindo a estas o acceso ao financiamento a longo prazo, en condicións de preferencia de tipos de interese, comisións e prazos de amortización.
- Prestar servizos de asistencia e asesoramento financeiro ás Pemes.
- Tramitar con axilidade e eficacia as operacións acollidas a Liñas de crédito subvencionadas (IGAPE, ICO, etc.).

